

TRABALLO DE ANTROPOLOXÍA

De : Yara Martínez Valderrey

Introducción

Pensando en facer un traballo que teña relación coas tradicións da nosa terra, ocurríuseme que nas datas nas que nos atopamos que mellor que falar do Samaín e do poder que dende o tempo dos nosos antepasados , os celtas, déuselle ó lume, que estaba moi relacionado coa festa antes mencionada. A festa do Samaín que nos últimos tempos estaba casi no olvido, volve a coller moita forza, nun intento de rescatar as nosas raíces de outros tempos de gran esplendor.

Pola outra banda actualmente consérvanse varios ritos de lume , onde a súa orixe pérdese na noite dos tempos: cada catro anos o lume olímpico viaxa dende Grecia , nos solsticios, aínda hoxe en día , mantense viva nalgúns latitudes do planeta ancestral o costume das fogueiras solsticiais e quizais xunto con estas fogueiras solsticiais e o lume olímpico, sexa a queimada a terceira das máis antigas tradicións de lume da nosa civilización occidental.

A orixe da festa

Hai aproximadamente 2.600 anos chegaron a Galicia os pobos celtas. Ademais dos seus adiantos científicos e técnicos, como foi a metalurxia do ferro, tamén trouxeron a súa cultura e as súas crenzas.

Os celtas adoraban a moitos deuses que representaban tanto as forzas da natureza como as condicións do espírito. De aí que as súas festas coincidían con determinadas datas relacionadas coas estacións e cos seus cambios.

A noite do 31 de outubro comeza o ano novo celta e a súa festa en honor dos defuntos,

marcando a transición do outono ó inverno. Os druídas facían fogatas coas súas cousas vellas e así crían estar listos para recibir as cousas novas

O Samaín é a festividade de orixe celta máis importante do período pagano que dominou Europa ata a evanxelización do cristianismo, na que celebrabase o fin da temporada de colleita na cultura celta e era considerada como o "Ano Novo Celta", que comezaba coa estación escura. Esta noite era perfecta para conetar co espírito do misterio e da maxia. Según eles é o momento de abrírnos ó noso poder intuitivo persoal e de escoitar a nosa voz interior. Nesta mitoloxía é a noite da morte que da lugar ó renacemento.

Días previos á festa

Uns días antes do ano novo, tiñan lugar innumerables sacrificios animais. Ademais de ter un carácter relixioso, temos que ter en conta unha cosa que se achega o inverno e hai que empezar a almacenar alimentos para facer fronte aos duros meses que veñen por diante. Estes sacrificios de animais, facíanse co obxectivo de aprovisionarse de carne e de pel para o inverno. Era a súa peculiar "matanza".

Durante a noite do 31 de Outubro os druídas(que eran a caste sacerdotal dos celtas) recollían as bagas (en castelán "bayas") de acivro dos troncos das aciñeiras e dos carballos, cunha fouce de ouro. A fouce tiña que ser de ouro por que os celtas consideraban este metal coma un metal puro, e era por tanto o único material que podía utilizarse para estas labores. Unha vez subidos os troncos dun carballo e ou unha encima os druídas cortaban бага por бага do acivro mentres que recitaba uns cantos, que críanse que eran para atribuírlle máis poder ó acivro.

Acto seguido poñíanse estas bagas nun caldeiriño ou se depositaban nun manto branco que sostiña outro druída no chan. Esas bagas tan especiais, tiñan indubidables poderes curativos para o poboado, e para as súas elaboracións máxicas. Tamén é nesta única noite do ano cando os druídas poden comer carne de porco e beber viño.

Desenrolo da festa

A antiga festividade céltica do Samaín foi habitualmente descrita como unha comunión cos espíritos dos defuntos que, nesta data, terían autorización para camiñar entre os vivos. Abríanse as portas entre este mundo e o máis aló, dándolle á xente a posibilidade de reunirse cos seus antepasados mortos.

A festa do Samain, a máis importante do período precristián, marcaba para os celtas o comezo dun novo ano. Nesa data prendíanse lumes sagrados flotando pólas de serbal e teixo. Con esta cacharela inicial alimentábase as lareiras de todas as casas.

Polo Samaín era costume baleirar nabos de grande tamaño (posteriormente serían cabazas en vez de nabos) para pór-lles dentro candeas. Varios séculos despois esta tradición (que se mantén aínda en Galicia) ten continuidade nas festas de *Halloween*, que poderían ter exportado aos Estados Unidos os irlandeses no século XIX e comezos do XX.

O igual que outros pobos bárbaros, os Celtas consideraban as cabezas dos seus inimigos máis que como un botín de guerra coma o cerne dos misterios do ser humano. Crían que "aquel que posúise unha caveira posuiría a forza máxica da súa pantasma".

Cando as colocaban en lugares estratéxicos non só lle concedían valores defensivos senón que tamén lles crían capaces de sucesos prodixiosos dende cánticos celestiais, arrepiantes berros e sobre todo profecías verdadeiras.

A festa do Samaín era a data máis perigosa do seu calendario posto que o mundo dos mortos, facíase accesible para os mortais, podendo pasar a formar parte del por culpa dun feitizo ou meigallo. Cando chegaban as celebracións do Samaín os Celtas colocaban unhas velas rudimentarias no interior das caveiras dos inimigos mortos, colocándoas nos cruces de camiños, nos arredores e nas muradas dos seus castros, co obxecto de arrepiaren os inimigos, para asombro e veneración das súas xentes e para esconxurar os perigos da celebración.

E curioso que moitos anos despois o cristianismo escolleu estas datas para celebraren o día dos defuntos e tódolos santos.

A queimada

Como dixemos na introdución o lume está moi relacionado coas tradicións galegas sendo a queimada un dos rituais que os seus orixes parece ser comezaron coa festa do Samaín.

Coma en tódolos ritos galegos a queimada está composta polos 3 elementos esenciais do ritual : A TERRA, O AUGA E O LUME.

A TERRA : está simbolizada na queimadeira ou na pota de barro, esa terra orixe e destino do home, está presente en tódalas culturas. A terra tamén simbolizaba os nomes dalgúns deuses

O AUGA : cada gota de augardente, é unha lágrima da madre Terra xerminada en forma de grans de uva, sangue que fundirase no noso corpo a través da beberaxe, uníndoos á terra de nosos antepasados, e a nosa historia.

O LUME : que danzará libre no barro prendido en augardente nos servirá como antano, para purificarnos, alumearnos e quentarnos.

A eses tres elementos básicos da natureza, a través da historia se le han engadido novos elementos, coma os froitos que o home coas súas mans ha sabido arrancar da Terra.

O elemento común que existía en tódalas meigas era o chorriño de mel que engadíase para facer máis doce o trago do forte beberaxe. Normalmente depositábase no fondo da cazola para que lle dera ese sabor característico do caramelo. A mel, froito das abellas, simboliza mellor que ningún outro alimento o traballo e a solidariedade entre os membros dunha mesma especie.

Hoxe en día elabóranse infinidade de combinacións, utilízanse novos produtos que antano non se utilizaban, e incluso algúns non existían, xa que son produtos descoñecidos en Galicia fai tan só uns poucos séculos. Algúns de eles son os seguintes:

AZUCRE : branco e doce, símbolo de pureza e inocencia, azucra o beberaxe e recórdanos que a queimada é purificadora e ó bebela axudaranos a superar a soberbia, a envexa e ó egoísmo.

LIMÓN : símbolo dos desgustos da rutina, é a vacina contra a amargura, que pintará sorrisos no noso rostro.

MAZÁ : símbolo de nosa condición humana, noso pecado máis desexado, aquel ca nosa pioneira EVA cometeu no Edén, e do que tanto encántanos gozar. A mazá engádelle a queimada ese toque afrodisíaco.

CAFÉ : exótico, símbolo da universalidade e do mestizaxe do home.

O rito do lume

O principio era o caos, o home vivía na escuridade e no paraíso da ignorancia.

Prometeo (o seu creador) observábo con abatemento, non era a súa obra humana tan vistosa coma as flores, nin tan inmensa coma os ceos, e nin tan enigmática coma os océanos. E decidiu roubarlle os deuses o lume e a agachadas entregárllelo ó home para que se liberase da escuridade, fose libre e descubriera a luz do coñecemento.

Os deuses anoxados, condenaron a Prometeo a morrer e renacer cada día e idearon a muller, intuitiva e curiosa. A chamaron Pandora, a Ben Dotada, enviárona xunto os homes e entregáronlle un regalo, unha caixiña de prata coa prohibición de que no descubriese o seu contido.

Pandora, a Ben Dotada, con esa curiosidade feminina tan intuitiva, un día de solsticio de verán, abriu a caixiña de prata e do seu interior manaron os males do mundo. A morte, a envexa, o egoísmo e o medo, producindo entre os homes a desconfianza.

Desde aquel día os homes foron percibindo que xornada tras xornada o día íase recortando e a noite facíase máis longa. O medo a verse de novo condenados a escuridade perpetúa animounos a acender lumes, querían axudar o Sol a manterse vivo.

Pandora volveu a mirar dentro da caixiña de prata e nunha esquiniña, silenciosamente e tímida atopábase escondida a ESPERANZA. E correu cara os homes a dicirlles que non estaba todo perdido que aínda lles quedaba esperanza.

Pandora púxose en camiño cara o lugar onde morría o sol cada día, seguiu o sendeiro que debuxase polas noites nos ceos e que conduce ata ese lugar que os gregos chamaban a TERRA DA MORTE, ese lugar onde o sol é engulido cada atardecer polo océano, esa terra que os romanos chamaron FINIS-TÉRRÆ fronte ó mar tenebroso, a costa da morte.

Pandora chegou a Galiza e observou que por fin o lume que foi ó regalo de Prometeo, freaba a desaparición da luz, que ó sol volvía a renacer día a día e chamaron a ese día solsticio de inverno, día de festa grande, o Deus Luz renacía.

Desde entón en tódolos pobos da Terra festexaban ese día do novo nacemento da luz. Han pasado moitos anos e o temos esquecido, xa non facemos lumieiras nin gardamos o lume de ese día para que nos ilumine todo o ano, hoxe alumeamos poñendo arboriños con luces en Nadal, pero as mulleres galegas que lle son fieis a Prometeo gardaron ó lume unido á terra e o auga, en segredo, sen que os deuses se enterasen elaboraban queimadas nos seus fogares conxurándose con Pandora para no perder a esperanza.

Así desde esa noite dos tempos esta beberaxe milagreira empregámola para cura-las feridas do alma e manter sempre viva a esperanza.

E como toda lenda ten un conxuro :

Mouchos, curuxas, sapos e bruxas.

Demos, trasnos e diaños, espíritos das nevadas veigas.

Corvos, píntegas e meigas, feitizos das menciñeiras-

Pobres cañotas furadas, fogar dos vermes e bechos.

Lume das Santas Companhas, mal de ollo, negros meigallos, cheiro dos mortos, tronos e raios.

Ouveo do can, pregón da morte, fouciño do sátiro e pe do coello.

Pecadora lingua da mala muller casada cun home vello.

Averno de Satán e Belcebú, lume dos cadáveres ardentes, corpos mutilados dos indecentes, peidos dos infernais cus, muxido da mar embravecida.

Barriga inútil da muller solteira, falar dos gatos que andan a xaneira, quedella porra da cabra mal parida.

Con este fol levantarei as chamas deste lume que asemella ao do inferno, e fuxiran as bruxas a cabalo das sas escobas, índose bañar na praia das areas gordas.

i Oíde, oíde! Os ruxidos que dan as que non poden deixar de queimarse no augardente, quedando así purificadas.

E cando este beberaxe baixe polas nosas gorxas, quedaremos libres dos males da nosa alma e de todo embruxamento.

Forzas do ar, terra, mar e lume, a vos fago esta chamada : si e verdade que tendes mais poder que a humana xente, aquí e agora, facede cos espíritos dos amigos que están fora, participen con nos desta queimada.